



Concello de Bueu

Expediente	3189/2019
Código SIA	1428945
Procedemento	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto	Procedemento para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu
Documento	Anuncio do Tribunal
Trámite	1º. Resolución reclamacións á proba tipo test do primeiro exercizo: fundamentacións e acordos do Tribunal 2º. Cualificacións definitivas obtidas polas/os aspirantes na proba tipo test do primeiro exercizo 3º. Convocatoria á lectura pública da segunda probado primeiro exercizo "Probas teóricas" (obrigatorio e eliminatorio) consistente no cuestionario de 05 preguntas de contido teórico.

Anuncio do Tribunal

Finalizado o prazo para a presentación de reclamacións e alegacións na proba tipo test do primeiro exercizo do procedemento selectivo para a cobertura dunha praza de Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu, recibíronse a/s seguinte/s:

Candidato/a	Pregunta afectada	Datos formais	Reclamación	Petición
Beatriz Piñeiro Gondar	4	RE núm. 2020-E-RE-2001 de 25-9-2020	O erro na estrutura gramatical do enunciado e a opción d) (frase gramaticalmente incorrecta por non identificar ao suxeito) determina que se poida realizar unha interpretación errónea	Anulación da pregunta formulada
	18	<u>EN PRAZO</u>	Non se pode considerar correcta a opción a, senón a opción b, xa que as persoas físicas e xurídicas poden ser sancionadas por unha infracción a título de inobservancia.	1. Rectificar a plantilla provisional de respostas consideradas correctas (considerar correcta a opción b, en lugar da opción a). 2. Subsidiariamente, a anulación da pregunta formulada.

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AF93726XQ3NEGKGYZ4TLJEE7 | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10



Concello de Bueu

Jacobino Moreira Ferro	41	RE núm. 2020-E-RE- 2006 de 27-9-2020 <u>EN PRAZO</u>	<p>1. Non resulta axustada á realidade a pregunta coa resposta que se declara correcta na plantilla, pois o título habilitante consistente na Declaración Responsable non foi introducido como novidade pola Lei 10/2017.</p> <p>2. Se se considera que a pregunta se refire a que títulos introduce esa lei non como novidade, o certo é que a Lei 10/2017 tamén inclúe o réxime da autorización autonómica, de modo que a resposta c) tamén sería correcta.</p> <p>3. Ademais, tamén a "Comunicación Previa" é tamén un instrumento tratado pola Lei.</p> <p>4.- No caso de que se interpretase que a pregunta se refire a que o título da Declaración Responsable introduciuse como modificación na lei de espectáculos, tampouco esa interpretación resultaría válida, porque a lei 10/2017 non modifica nin derroga outra anterior lei de espectáculos de Galicia, pois a Comunidade Autónoma de Galicia carecía dunha Lei de Espectáculos previa</p>	Anulación da pregunta formulada dado que polo menos as respostas b) e c) deben ser consideradas como válidas e certas
	2R		Non pode darse como válida a resposta ofrecida porque non é certo que a D.A. citada diga que un funcionario interino, se non existen funcionarios de carreira suficientemente cualificados poida sen máis formar parte da Mesa de Contratación. A Disposición di algo máis, e sen ese requisito adicional, o resto do aserto non resulta certo	Invalidez da pregunta formulada xa que a resposta declarada como correcta non o é plenamente, sendo incompleta
	4R		Tamén a resposta a) é correcta en base ao art. artigo 91.3. b) da Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia	Anulación da pregunta xa que a mesma non está a apelar á literalidade estrita de ningún artigo en particular, de modo que a resposta a), ao noso parecer, resulta válida e correcta.

A. RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS: FUNDAMENTACION E ACORDO DO TRIBUNAL:

O Tribunal cualificador do procedemento selectivo de referencia adopto, na sesión celebrada en data 30 de setembro de 2020, os seguintes acordos en relación coas indicadas reclamacións e alegacións na proba tipo test do primeiro exercizo :

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AF93725XQ3NEGKGYZ4TLJEE7 | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 10



Concello de Bueu

1º. Fundamentación S. reclamación á pregunta 4ª e acordo adoptado:

4. Cal das seguintes afirmacións é incorrecta:

- a) O delegado de protección de datos actuará como interlocutor do responsable ou encargado do tratamento ante a Axencia Española de Protección de Datos e as autoridades autonómicas de protección de datos.
- b) O delegado poderá inspeccionar os procedementos relacionados e emitir recomendacións no ámbito das súas competencias.
- c) Cando o delegado de protección de datos sexa unha persoa física integrada na organización do responsable ou encargado do tratamento, non poderá ser removido nin sancionado polo responsable ou o encargado por desempeñar as súas funcións salvo que incurriera en dolo ou negligencia grave no seu exercicio.
- d) Sempre e en todo caso terá acceso os datos persoais e procesos e tratamento

Para resolver a reclamación formulada, compre sinalar que na formulación da pregunta debe terse en conta o suxeito ao que se refiren as opcións de resposta. Ao respecto, o Tribunal considera que o suxeito ao que se refire a pregunta reclamada queda claramente identificado nas opcións de resposta.

Neste senso, tendo en conta a formulación das opcións de resposta da pregunta reclamada e a formulación da mesma, referida a indicar a resposta incorrecta, á única opción posible á cuestión formulada é a resposta d), xa que as outras tres opcións de resposta (letra a),b) e c), nas que existe identificación clara do suxeito ao que se refieren, fan referencia á regulación da "Posición del delegado de protección de datos", contida no art. 36 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Conforme a citada regulación, á que se refieren as tres primeiras opcións de resposta da pregunta reclamada, a única resposta incorrecta, é a opción d), por non axustarse á regulación á que corresponde a mesma, e por tanto a que debe ser considerada como a única incorrecta.

En base ao anterior, o Tribunal considera que se decode claramente da pregunta e das opcións de resposta que a pregunta ten por obxecto ao Delegado de protección de datos e, aínda que na opción de resposta contida na letra d), figurase expresamente identificado o Delegado de Protección de datos, non cambiaría o carácter incorrecto da afirmación que se contén na opción d) de resposta á cuestión que se formula.

Considerando que a reclamante non explicita a qué errónea interpretación conduce a non indicación expresa do suxeito na opción d) de respostas consignadas e concluíndo que una frase non é gramaticalmente incorrecta por non identificar o suxeito

Tendo en conta o manifestado, **o tribunal se ratifica na formulación da pregunta núm. 4 e confirma a opción de resposta d) como a correcta á cuestión formulada na pregunta núm. 4 do cuestionario tipo test.**

Acordo: Reclamación DESESTIMADA.

2º.- Fundamentación S. reclamación á pregunta 18ª e acordo adoptado :

18. Segundo o artigo 28 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público,

- a) Só se será responsable das infraccións administrativas a título de dolo ou culpa.
- b) Serase responsable das infraccións administrativas aínda a título de simple inobservancia.
- c) Cando o cumprimento dunha obrigaón establecida por unha norma con rango de Lei corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma mancomunada das infraccións que, no seu caso,

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AF93726XQ3NEGKGYZ4TLJEE7 | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10



Concello de Bueu

cométanse e das sancións que se impoñan.

d) Prohibe a tipificación como infracción do incumprimento da obrigaón de previr a comisión de infraccións administrativas por quen se ache suxeitos a unha relación de dependencia ou vinculación

A formulación da pregunta resposta á regulación do principio de responsabilidade da potestade sancionadora previsto no referido artigo 28 da LRXSP á que fai referencia o seu enunciado, co cal, a opción de resposta que debe ser considerada como correcta debe axustarse a dita regulación.

A regulación do precepto indicado (art. 28 LRXSP) na formulación da pregunta difire, do establecido na anterior regulación contida na norma reguladora do procedemento administrativo común que resulta do art. 130 Lei 30/1992 (LRXAP-PAC).

A este respecto, o citado artigo 130 da LRXAP-PAC pareceu admitir unha responsabilidade obxectiva, sen culpa, preocupando deste xeito ao lexislador exclusivamente a desconformidade do actuado coa legalidade, e, polo tanto, deixando á marxe a culpabilidade ou non do infractor, ao establecerse no precepto derogado que

«Só poderán ser sancionados por feitos constitutivos de infracción administrativa as persoas físicas e xurídicas que resulten responsables dos mesmos aínda a título de simple inobservancia».

Ao respecto do principio da responsabilidade con culpa na potestade sancionadora que resulta da nova regulación do artigo 28 da LRXSP, ao que se refire a formulación da pregunta reclamada, deben terse en conta igualmente pronunciamentos xudiciais.

A modo de exemplo do sinalado no parágrafo anterior, a sentenza do Tribunal constitucional 76/1990 de 26 de abril, 150/91 recolle que

«este principio de culpabilidade rixe tamén en materia de infraccións administrativas, pues en la medida en que la sanción de dicha infracción es una de las manifestaciones del ius puniendi del Estado resulta inadmisibile en nuestro ordenamiento un régimen de responsabilidad objetiva o sin culpa».

En parecidos termos se manifesta a sentenza 246/1991.

Por outra banda o Tribunal Supremo, en sentenza de 09.04.1996 considera que

«a potestade sancionadora da Administración ha de exercitarse axustándose aos principios esenciais inspiradores da orde penal, xa que dita potestade ten como soporte teórico a negación de calquera diferenza ontolóxica entre sanción administrativa e penal».

A regulación contida no apartado 1º do citado art. 28 da LRXSP, a cuxa regulación se refire a formulación da pregunta, fai referencia expresa a que con respecto ás infraccións administrativas debe existir necesariamente a culpabilidade nalgunha das súas dúas formas, o dolo ou a culpa.

Esta regulación se encadra na opción a) de respostas á pregunta impugnada, e difire da opción b), apuntada pola reclamante como igualmente correcta, que resposta á regulación da derogada LRXAP-PAC no senso sinalado nos parágrafos anteriores, e diferindo, polo tanto da vixente regulación contida no precitado art. 28 da LRXSP, polo que o Tribunal entende que a opción de resposta contida na letra a) é a única correcta nos termos regulados sen entrar noutras consideracións sobre interpretacións ou posibles contradicións, no senso argumentado pola reclamante na súa alegación, que non corresponde efectuar a este Tribunal na corrección do test.

Así pois, de acordo co disposto no apartado 1 do art. 28 da LRXSP, só poderán ser sancionados os que resulten responsables dos mesmos a título de dolo ou culpa, e non

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AF93726XQ3NEGKGYZ4TLJEE7 | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10



Concello de Bueu

por «*simple inobservancia*», a diferenza da regulación anterior que recollía o apartado 1 do art. 130 da derogada LRPAC.

Logo do anterior, a pregunta reclamada debe ser resolta ao abeiro da modificación operada polo apartado 1º do citado art. 28 da LRXSP que difire da anterior regulación contida no apartado 1º do art. 130 da derogada LRPAC.

A maior abundamento, o principio de culpabilidade ao que se refire o apartado 1º do art. 28 da LRXSP, resulta concordante coa regulación contida no art. 29.3.a) da citada norma relativo a «*el grado de culpabilidad o la existencia de intencionalidad*» como criterio de gradación das sancións.

A referencia no precepto aos grupos de afectados, ás unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos, refírese á ampliación do ámbito subxectivo da responsabilidade, ademais das persoas físicas e ás persoas xurídicas.

Tendo en conta o manifestado, **o tribunal se ratifica na formulación da pregunta núm. 18 e confirma a opción de resposta a) como a única correcta á pregunta núm. 18 do cuestionario tipo test.**

Acordo: Reclamación DESESTIMADA.

3º. Fundamentación S. reclamación á pregunta 41ª e acordo adoptado :

41. A Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia introduciu o seguinte título habilitante

- a) Comunicación Previa.
- b) Declaración Responsable.
- c) Autorización Autonómica.
- d) Ningún dos anteriores

A preexistencia dos anteriores títulos habilitantes, deixa como novidade a introducción da Declaración Responsable pola Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia; respecto ás actividades económicas reguladas na mesma, non podendo considerarse válidas a demais opcións, no tocante ao ámbito concreto galego, obxecto da norma citada.

Non se pode obviar na resolución da pregunta formulada, e polo tanto da reclamación formulada contra a mesma, que, foi precisamente a Disposición Final 1ª da Lei 10/2017, á que se refire a pregunta na súa formulación, a que modificou a redacción do artigo 40 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Deste xeito, na anterior redacción o precepto de referencia indica o seguinte:

“Artículo 40. Actividades sometidas a comunicación previa.

La apertura de los establecimientos públicos y la organización de espectáculos públicos y actividades recreativas están sometidas al régimen de comunicación previa contemplada en la presente ley, salvo en los casos que por razones de interés general fuera necesario la obtención de licencia municipal, conforme a lo establecido en esta ley”.

E a nova redacción que resulta da redacción operada pola Lei 10/2017 sinala o seguinte :

“Artículo 40. Actividades sometidas a declaración responsable.

1. *Con carácter general, la apertura de los establecimientos abiertos al público en que se desarrollen espectáculos públicos o actividades recreativas y la organización de espectáculos públicos y actividades recreativas están sometidas al régimen de declaración responsable. No obstante, por*





Concello de Bueu

razones de interés general vinculadas al orden, seguridad y salud públicas y protección del medio ambiente, se exigirá la obtención de licencia municipal o autorización autonómica en los supuestos establecidos en el siguiente artículo.

Asemade compre ter en conta que a novidade é máis que destacable, tomando como exemplo concreto da mesma, a redacción do artigo 33 do Decreto 144/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, que nin tan sequera cita a figura en cuestión, da declaración responsable á que fai referencia a opción de resposta considerada válida polo Tribunal.

Deste xeito, o citado artigo 33 do Decreto 144/2016 dispón o seguinte:

“Artículo 33. Actividades y establecimientos sometidos al régimen de comunicación previa.

La organización de espectáculos públicos y actividades recreativas y la apertura de los establecimientos destinados a los mismos cuando estén sometidos al régimen de comunicación previa se ajustarán a lo establecido en el título II de este reglamento sin perjuicio de lo dispuesto en la Ley del emprendimiento y de la competitividad económica de Galicia”.

Consonte a fundamentación sinalada, **o tribunal se ratifica na formulación da pregunta núm. 41 e confirma a opción de resposta b) como a única correcta da pregunta núm. 41 do cuestionario tipo test.**

Acordo: Reclamación DESESTIMADA.

4º. Fundamentación S. reclamación á pregunta 2R e acordo adoptado :

2 R. A Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece que:

- a) *En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual, nin persoal funcionario interino.*
- b) *En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación persoal funcionario interino pero se poderán emitir informes de valoración.*
- c) *Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados*
- d) *Non poderá formar parte da Mesa, nin o persoal laboral ao servizo da Corporación, nin membros electos da mesma*

Na resolución da reclamación que afecta á pregunta transcrita compre ter en conta, en primeiro lugar, que a totalidade das opcións de resposta se refiren á composición da mesa, nos termos previstos na Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Ao respecto da regulación contida na citada disposición a única opción de resposta correcta, en canto á composición, é a opción c), xa que as restantes opcións de respostas contén elementos que a fan incorrecta por contraria á regulación contida na D.A.2ª á que fai referencia a formulación da cuestión plantexada.

O feito da non transcripción completa da regulación contida na precitada D.A.2ª, en canto á motivación do nomeamento, completa, no que respecta á tramitación esixible, a

Concello de Bueu





Concello de Bueu

regulación sinalada, pero non a fai *per se* incorrecta por contraria ao ordenamento xurídico, xa que non desvirtúa a habilitación de que formen parte da Mesa de contratación persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados.

Consonte a fundamentación sinalada, considerando que a única opción de resposta válida é a contida na letra c) das opcións, ***o tribunal se ratifica na formulación da pregunta de reserva núm. 2 e confirma a resposta c) como única correcta na resposta a pregunta de reserva núm. 2.***

Acordo: Reclamación DESESTIMADA.

5º. Fundamentación S. reclamación á pregunta 4R e acordo adoptado :

4 R. Para os efectos da súa posible declaración de interese cultural ou catalogación presúmese o valor etnolóxico dos seguintes bens sempre que conserven de forma suficiente a súa integridade formal e construtiva e os aspectos característicos que determinan a súa autenticidade:

- a) As fontes e os lavadoiros comunais ou públicos de cachotería.*
- b) As construcións tradicionais de cuberta vexetal como as pallozas e os chozos característicos das serras galegas.*
- c) Os muíños de río ou de vento construídos con bloques de cachotería e os camiños veciñais de carácter comunal, sempre que conserven de forma suficiente a súa traza, aspecto, carácter, e pavimento.*
- d) Todas as respostas son correctas.*

Para resolver a reclamación formulada compre ter en conta que segundo a argumentación que expón o reclamante, a pregunta a) sería correcta se dixese "as fontes e os lavadoiros comunais ou públicos de cachotería de carácter tradicional" xa que efectivamente neste caso a norma non exclúe ningún tipo de material. Non obstante o que se se esixe é o seu carácter tradicional, cuestión esta que da resposta a) non pódese deducir, polo que non se pode deducir que dita opción poida ser correcta.

O tribunal se ratifica na formulación da pregunta de reserva núm. 4 e confirma a resposta b) como única opción de resposta correcta á pregunta de reserva núm. 4.

Acordo: Reclamación DESESTIMADA.

B. CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS OBTIDAS POLAS/OS ASPIRANTES DA Á PROBA TIPO TEST DO PRIMEIRO EXERCIZO:

Logo da desestimación da totalidade das reclamacións formuladas, en tempo e forma, á proba tipo test do primeiro exercizo do procedemento selectivo, polos motivos sinalados na fundamentación contida no apartado A do presente anuncio, o Tribunal acordou, na mesma sesión, elevar a definitiva as cualificacións provisionais obtidas polas/os aspirantes na proba tipo test do primeiro exercizo do seguinte xeito:

ASPIRANTES	DNI	PUNTUACIÓN DEFINITIVA
CARRERA DACUÑA ALBA	***5414**	6.80
LEIRACHA AMADO ALBA-ATENEA	***1066**	2,20
MOREIRA FERRO JACOBO	***9429**	4.90

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AF93725XQ3NEGKGYZ4TLJEE7 | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 10



Concello de Bueu

MORILLO RODRIGUEZ MARIA CARMEN	***2727**	3.30
MUNAIZ ALONSO MERCEDES	***2728**	5,80
NOVEGIL AROSA SARA	***5899**	5.10
PIÑEIRO GONDAR BEATRIZ	***5816**	4,90
SALGUEIRO FERNANDEZ VIVIANA	***7253**	3,40
VILAS SOTO CARMEN MARIA	***1197**	5,70

De acordo coa base 8.2.a das bases reguladoras do procedemento, ao tratarse a proba teórica (cuestionario tipo test), á que se refire o listaxe de cualificacións definitivas anterior, dunha proba eliminatória, os aspirantes que non alcanzasen un mínimo de 5,00 puntos quedará excluído do procedemento, toda vez que para superar cada unha das partes eliminatorias da proba teórica regulada neste apartado deberá alcanzarse unha puntuación do 50% do valor da mesma. A puntuación obtida en unha das partes non poderá ser utilizada para superar a outra.

C. CONVOCATORIA Á LECTURA PÚBLICA DA SEGUNDA PROBA DO PRIMEIRO EXERCIZO "PROBAS TEÓRICAS" (OBRIGATORIO E ELIMINATORIO) CONSISTENTE NO CUESTIONARIO DE 05 PREGUNTAS DE CONTIDO TEÓRICO:

O tribunal acordou na sesión celebrada o mércores 30 de setembro, convocar aos candidatos que tiveran superada a proba teórica (cuestionario tipo test), á lectura, de carácter obrigatorio, en sesión pública, da proba teórica consistente no cuestionario 05 preguntas de contido teórica, o **VINDEIRO MARTES, 06 DE OUTUBRO DE 2020, NO SALÓN DE PLENOS DA CASA CONSISTORIAL do Concello de Bueu, sita na rúa Eduardo Vincenti nº8 , Bueu,** nas seguintes quendas, pola orde alfabética da primeira letra do primer apelido comenzando pola letra A:

ASPIRANTES	DNI	HORA LECTURA
CARRERA DACUÑA ALBA	***5414**	9,00
MUNAIZ ALONSO MERCEDES	***2728**	9,20
NOVEGIL AROSA SARA	***5899**	9.40
VILAS SOTO CARMEN MARIA	***1197**	10,10

Os aspirantes admitidos ao proceso selectivo e non incluídos na anterior relación do chamamento á lectura pública da proba teórica consistente no cuestionario 05 preguntas de contido teórica, ou non se presentaron á celebración do primeiro exercizo ou non superaron a proba tipo test do primeiro exercizo do procedemento selectivo, de conformidade co disposto na base 8ª.a) das bases xerais do proceso.

Os/as aspirantes convocados á lectura dos cuestionario de preguntas teóricas deberán comparecer, provistos do DNI orixinal ou outro documento fidedigno, orixinal e con fotografía, á hora establecida para a lectura pública.

En caso de non comparecer, despois de ser chamado tres veces, considerarase ao candidato retirado do proceso e chamarase ao seguinte de dicha lista.

As lecturas terán carácter público, pero só se poderá entrar ou saír do salón de

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AF93726XQ3NEGKGZ4TLJEE7 | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10



Concello de Bueu

plenos antes do seu inicio ou unha vez finalizada, non durante a exposición.

Está absolutamente prohibida a gravación da sesión e/ou a toma de imaxes, así como ter conectados, durante as lecturas, teléfonos móbiles ou outros dispositivos electrónicos, non podendo acceder a eles nin o candidato, nin o público asistente.

PAUTAS COMÚNS E MEDIDAS DE SEGURIDADE POR MOR DO COVID19 :

Lembrase a esixencia de que tanto o/a candidato/a ao que lle corresponda a lectura da proba teórica consistente no cuestionario 05 preguntas de contido teórica, como aqueles que desexen asistir á dita lectura pública, deberán cumprir e respectar, en todo momento, as PAUTAS COMÚNS E MEDIDAS DE SEGURIDADE POR MOR DO COVID19 (en adiante, *Protocolo*) establecidas no punto resolutivo 5º do decreto de alcaldía núm. 890/2020 de 7.7.2020, contidas no edicto núm. 37/2020 de 7.7.2020, publicado no taboleiro electrónico do concello (CSV: JCQ7A3QN6GC5CNR7XXGML5RQK) *, e as que resultan do anuncio da presidenta do Tribunal, de data 16.9.2020 (CSV: 4MEQW9ZJ4LW3QXX7YMZZJ3KCJ) *, co obxecto de garantir a celebración presencial das probas correspondentes a este procedemento en condicións de máxima seguridade sanitaria e protección da saúde pública cos medios dispoñibles no concello

O aforo máximo do salón de plenos, sen prexuízo do carácter público do proceso selectivo, deberá permitir cumprir co requisito da distancia interpersoal de metro e medio.

(*) *Pode consultar o texto íntegro dos documentos identificados co CSV mediante a introdución na pestana relativa a "INFORMACIÓN XERAL" apartado "validación de documentos" da sede electrónica do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/>) do código seguro de validación.*

Rógase que se atenda ao *Protocolo* indicado no anuncio da presidenta do Tribunal, de data 16.9.2020 (CSV: 4MEQW9ZJ4LW3QXX7YMZZJ3KCJ), acudindo ao lugar da lectura sen acompañantes (salvo naqueles casos xustificados nos que sexa imprescindible) e provistos de xel desinfectante e máscara, que deberá manterse en todo momento. Especial atención merece o apartado 3º o 4º do protocolo que recolle a obriga e necesidade de comunicar canto antes ao Tribunal calquera circunstancia relacionada coa COVID-19 que poida afectar ao aspirante que conorra á lectura pública.

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os/as aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

O que se fai publico mediante anuncio no taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal/> (apartado "INFORMACIÓN XERAL"- Taboleiro de anuncios/sección "Emprego Público") sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello (apartado "*Cidadanía*"-"*Procesos selectivos*"-"[1-Proceso selectivo técnico/a administración xeral](#)"), para coñecemento dos candidatos no procedemento selectivo de referencia, en aplicación en aplicación das bases 8ª.1.a) e 14ª.2 das bases reguladoras do procedemento selectivo

Documento asinado electronicamente á marxe

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AF93726XQ3NEGKGYZ4TLJEEET | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10



Concello de Bueu

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AF93725XQ3NEGKGYZ4TLJEE7 | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10